

Centro de Menores
Aclad Alborada


 XUNTA DE GALICIA
Consellería de Política Social

MEMORIA ANUAL 2015
Intervención Ambulatoria con
Adolescentes en Conflicto Social

1. Introducción	2
2. Perfil das persoas atendidas no ano 2015	7
3. Intervencións e actividades realizadas no ano 2015	20
4. Formación do equipo psicoeducativo no ano 2015	31
5. Análise comparativo 2009-2015	34
6. Reflexións finais	38



1. INTRODUCCIÓN



1. Presentación

2. Datos Xerais da Entidade



1. PRESENTACIÓN

Dende o Equipo Psicoeducativo do Programa Ambulatorio de Intervención con adolescentes en Conflicto entendemos a **Memoria Anual** como o documento no que se **describen** e **avalían** tódalas actuacións que se realizaron durante todo o ano anterior, neste caso o 2015, proporcionando unha visión de conxunto do servizo que se presta ás persoas destinatarias, co obxectivo de que este se vaia adaptando progresivamente as súas necesidades.

MISIÓN DO PROGRAMA AMBULATORIO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN CONFLICTO

A nosa **misión** pasa por realizar unha labor de prevención e intervención, tratando de diminuír ou eliminar as condutas problemáticas dalgúns adolescentes (uso ou abuso de drogas, problemas de comportamento no ámbito familiar e/ou escolar, violencia, comisión de delitos, etc.)

Pretendemos acadar a nosa misión mediante a participación dos menores e das súas familias nunha serie de actividades incluídas nas diferentes áreas do programa psicoeducativo:

- Área psicolóxica
- Área de saúde
- Área familiar
- Área formativo-laboral
- Área relacional
- Área de lecer



En canto a colectividade búscase a colaboración con cantos Organismos e Entidades, públicas ou privadas, teñan relación coa problemática dos menores, e a nosa misión deberá ir encamiñada a participar en campañas de prevención e asesoramento, a colaborar en proxectos comunitarios, a elaborar memorias institucionais e a participar en actividades de formación.

VISIÓN DO CENTRO DE MENORES

A **visión** que desexamos para o centro está enfocada en satisfacer as necesidades dos diferentes usuarios polo que queremos, entre outras cousas, SER:

- Referente en Galicia na atención e tratamento de menores en conflito.
- Considerados como un centro profesional, público, responsábel e innovador.
- Un centro co que se poida contar para novos retos e proxectos.
- Áxiles, eficaces e eficientes ante as necesidades detectadas.
- Referente na atención integral das condutas disociais e/ou aditivas.
- Sólidos en criterios de diagnóstico e de guías de tratamento para menores en conflito.
- Colaboradores e compartir experiencias con outras institucións, organizacións, etc.
- Colaboradores con proxectos de investigación.



VALORES DO CENTRO DE MENORES

Os valores nos que nos apoiaremos serán:

- ✓ **Transparencia**, tanto na xestión, como nas relacións, criterios e actuacións.
- ✓ **Empatía**, poñerse no lugar das persoas e actuar comprometidamente en beneficio delas.
- ✓ **Coherencia, solidariedade**, participación co compromiso social e a vontade do servizo.
- ✓ **Optimización e xestión** eficiente dos recursos asignados, dando contas ante os organismos pertinentes.
- ✓ **Capacidade** de escoita, respecto.
- ✓ **Innovación e Investigación**, para adaptarse á realidade.
- ✓ **Traballo en equipo** dende unha perspectiva multidisciplinar.
- ✓ **Eficacia**, dar resposta á demanda dos nosos usuarios.
- ✓ **Profesionalidade**.
- ✓ **Preparación científico-técnica**.




2. DATOS XERAIS DA ENTIDADE

A “**Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga ALBORADA**” comezou a súa labor preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias no **ano 1982** coa apertura da *Comunidade Terapéutica*. Posteriormente creouse a *Unidade Asistencial*, o *Centro de Día de Drogodependencias*, o *Centro de Día de Atención al Menor* e o *Programa Creative*. E no ano 2008, nas mesmas instalacións do *Centro de Día de Atención al Menor*, o *Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflicto*.

O feito de pertencer a unha O.N.G. con tan ampla traxectoria, permítelle aos diferentes dispositivos estar integrados nunha gran estrutura e beneficiarse e coordinarse cos diferentes programas da Asociación.



1. PERFIL DAS PESSOAS ATENDIDAS NO ANO 2015






2.1 NÚMERO DE USUARIOS ATENDIDOS

Durante o intervalo de xaneiro a decembro do ano 2015, atendéronse no Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflicto de A.C.L.A.D Alborada, un total de **cento catro casos**, dos cales **trinta e dous** xa iniciaran tratamento o ano anterior, **quince** no 2013 , **catro** casos no 2012 e **un** no 2011. Ao longo deste ano, as derivacións por parte do Servicio de Menores da Xunta de Galicia, fixéronse de forma continuada cunha media aproximada de 4 casos mensuais, sendo significativos o mes de abril , no que se derivaron 7 casos.

2.2 MOTIVO PRINCIPAL DE INGRESO

Os menores do Programa Ambulatorio non presentan un só motivo de ingreso, senón que cada un deles ven derivado dende o Servicio de Menores por dous ou máis motivos combinados: problemas comportamentais, problemas no ámbito formativo/laboral e familiar, conflito intrafamiliar, absentismo escolar e outros.




*Cómpre sinalar que só se especifica o motivo principal, o que non quere dicir que sexa o único obxectivo a traballar dende este dispositivo.



2.3. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS USUARIOS

SEXO



IDADE

O Programa Ambulatorio, orixinalmente cubre un rango de idade de tratamento, que vai dende os 12 ós 18 anos dos usuarios. Non obstante atendéronse, circunstancialmente, a algúns rapaces maiores de idade a petición do Servizo de menores ou da familia do usuario como apoio ou continuación do tratamento antes dunha alta definitiva.

A idade predominante dos menores atendidos no centro oscila entre 14 e 17 anos (ambos incluídos), atopándose dentro deste intervalo un total de 82 persoas.


Idades no ano 2015	Menores no Programa
21 anos	2
19 anos	2
18 anos	4
17 anos	16
16 anos	28
15 anos	20
14 anos	18
13 anos	6
12 anos	8

LUGAR DE RESIDENCIA

Aínda que a idea orixinal do programa era a intervención soamente con rapaces da área metropolitana da cidade de Vigo, a realidade rematou sendo outra e finalmente acabáronse atendendo, xa en anos anteriores, a menores que residían fóra desta área.

Dos 104 menores que foron atendidos polos profesionais do programa Ambulatorio, 91 vivían dentro da área metropolitana de Vigo, mentres que 13 vivían fóra desta mesma área ao comezar o programa: 2 vivían en Cangas, 2 en Redondela, 4 en Moaña, 1 en Arcade, 1 en Marín, 1 en Vilagarcía, 1 en Gondomar e 1 en Tui.

Tamén é importante resaltar que 46 destes rapaces viviron ao longo deste ano en casas de acollida da cidade de Vigo, dos cales moitos veñen de residencias familiares sitas fora desta área metropolitana.



MINORÍAS ÉTNICAS E OUTRAS NACIONALIDADES


Da totalidade de menores asistentes ao Programa Ambulatorio (104 persoas) 10 son menores de orixe sudamericana (Brasil, Colombia, Uruguai, Arxentina,...), 1 menor é de etnia xitana, 3 son orixinarios de Rusia, 4 proceden do continente africano, 1 menor é de orixe xamaicana, 3 son orixinarios de Ucraína e 4 de Portugal.


Un total de 26 menores dos 104 contabilizados, pertencen a minorías étnicas ou son doutras nacionalidades.

2.4. SITUACIÓN FORMATIVO/LABORAL



Con respecto a súa situación formativo/laboral no momento do ingreso no Programa Ambulatorio ou a principio de ano: 88 persoas estaban escolarizadas, 1 estaba desempregado, 2 estaban en cursos formativos e os 13 restantes non realizaban ningún tipo de actividade.

Nas seguintes gráficas presentamos unha comparativa da ocupación dos usuarios ao principio do ano e ao final do mesmo ou do tratamento:






Dentro do área formativa regrada especificáanse nas gráficas seguintes os cambios que tiveron lugar durante o pasado ano:




2.5. CONSUMO DE DROGAS

Os datos sobre o consumo de substancias dos usuarios foron obtidos a través das entrevistas individuais, familiares ou dos profesionais dos centros de acollida e nalgúns casos, de uroanálise.

Dos 104 usuarios atendidos ao longo do ano 2015: 31 deles manifestaron non ter ningún consumo de substancias legais ou ilegais, 4 fumaban soamente tabaco e 69 recoñeceron tomar algún tipo de droga.



Destes 73 menores que recoñeceron o consumo dalgunha substancia, un 78 % consume alcohol, un 64% tabaco, un 66 % cannabis e un 10% cocaína




Na seguinte táboa detállase se o consumo de cada substancia é habitual ou ocasional

	Habitual	Ocasional
ALCOHOL (57 menores)	21%	79%
TABACO (47 menores)	85%	15%
CANNABIS (48 menores)	52%	48%
COCAÍNA (7 menores)	0%	100%
OUTRAS (0 menores)	0%	0%

2.6 ESTANCIA NO PROGRAMA AMBULATORIO

Obsérvase que ao longo deste ano, nos corenta e cinco menores que causaron baixa no Programa, deuse a seguinte permanencia:




2.7. PROBLEMÁTICA XUDICIAL NOS MENORES

Dos menores atendidos no ano 2015, un 7% tiñan previamente aberto ou abríuselles nese ano expediente no Xulgado de Menores.


2.8. NÚMERO DE BAIXAS

Dos casos atendidos no ano 2015, cincuenta e nove seguiron a tratamento e corenta e cinco finalizaron á súa asistencia ao Programa Ambulatorio. Os motivos foron os seguintes: un 45% foron altas terapéuticas, un 36% derivacións, un 9% abandonos, un 4% maioría de idade, un 4% outros e un 2% finalización de medida xudicial.



2.9. NÚCLEO FAMILIAR DE CONVIVENCIA

Con respecto ao núcleo familiar no que vive o menor diariamente, cabe destacar que residen nun centro de protección un 44% (46 mozos/as) dos menores. Un 11% vive cos seus avós. E finalmente o núcleo familiar formado por ambos proxenitores ten unha prevalencia do 11%.




AMBOS PROXENITORES	11
MONOPARENTAL	15
Nai	7
Pai	4
Nai e outro familiar	4
Pai e outro familiar	0
FAMILIA RECONSTITUIDA	8
Nai e parella	6
Pai e parella	2
ACOLLEMENTO	22
Avós	12
Familia acolledora	6
Outro familiar	4
CENTRO DE PROTECCIÓN	46

****Dos cento catro menores, 14 viñan ou pasaron por un proceso de adopción, cinco dos cales fracasaron e volveron a ser tutelados pola administración.**

1.10 NORMAS DE CONVIVENCIA NA FAMILIA


A través do que se reflicte nas intervencións familiares e individuais e dos datos obtidos tanto grazas ós profesionais do propio centro, como á colaboración doutras entidades (centros académicos, equipos técnicos, servizos sociais,...), podemos concluír que as normas de convivencia nas familias dos menores en intervención, son nun 51% normais, nun 3% moi severas, nun 9% excesivamente permisivas, nun 20% contraditorias, nun 13% estritas, nun 2% non existen e nun 2% descoñecidas.

Dentro do grupo de mozos nos que se considera que existen unhas normas de convivencia normais, inclúense tamén aqueles rapaces que viven nunha “casa de familia” sen contacto frecuente coa súa familia de orixe.



2.11 NIVEL SOCIOECONÓMICO DA FAMILIA

No que se refire ao nivel socioeconómico das familias, un 19% é baixo, un 26% é medio-baixo, un 42% é medio e un 13% é medio -alto. Dunha das mozas, non temos datos



** Dentro do grupo de mozos nos que se considera que exista un nivel socioeconómico medio, inclúense tamén aqueles rapaces que viven nunha casa de familia sen contacto frecuente coa súa familia de orixe




2.12 PROBLEMÁTICA FAMILIAR

A continuación se expoñen algunhas das problemáticas familiares máis importantes dos 104 casos atendidos e que, en moitas ocasións, inflúen de maneira significativa na evolución do menor.

	Nº menores
Problemática psiquiátrica dalgún membro da familia	43
Separación dos pais	64
Abandono pai/nai biolóxico	41
Abandono de ambos proxenitores	29
Drogas na familia	40
Malos tratos	58
Conflitividade na parella	43
Minusvalía/enfermidade física dalgún membro da familia	8
Problemática xudicial	40
Irmáns en centros de menores	21
Dificultades económicas	50
Falecemento pai/nai biolóxico	6

3. INTERVENCIÓNS E ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2015





3.1. INTERVENCIÓN REALIZADAS

As intervencións máis significativas realizadas ao longo do ano 2015 foron as seguintes:

Intervencións co menor e/ou familia:

- Intervencións psicolóxicas individuais: 689
- Intervencións psicolóxicas co menor e familia: 53
- Intervención psicolóxicas só coa familia: 169
- Intervención educativa individual e familiar: 425
- Obradoiros específicos: 112
- Contactos telefónicos cos menores: 207
- Contactos telefónicos coas familias: 910
- Probas psicolóxicas: 92
- Intervención fora do centro: 17
- Intervención post institucional: 303
- Visitas domiciliarias: 2

Intervencións en rede:

- Contacto telefónico cos técnicos: 447
- Entrevista no Servicio de Menores: 207
- Coordinación de recursos: 919
- Entrevistas con outros profesionais/recursos: 76
- Seguimento académico (presencial/telefónico): 14

Outras intervencións:

- Informes: 43
- Acompañamentos: 4
- Reunións co equipo psicoeducativo: 48
- Intervención grupal: 4



Ao igual que os anos anteriores a coordinación con outros recursos que forman parte do día a día dos menores ten sido moi intensa, como así o reflicten o número de intervencións deste tipo levadas a cabo.

3.2 PROGRAMAS ESPECÍFICOS

As sesións desenvolvidas a **nivel individual** neste ano foron as seguintes:

Título do programa	Sesións
Desenvolvemento persoal	110
Autocontrol	82
Prevenión da violencia	39
Educación sexual/ afectiva	39
Busca activa de emprego	2
Educación para a saúde (drogas, hixiene, alimentación,...)	106
Obradoiro	112
TOTAL	490

Contidos xerais dos programas específicos de desenvolvemento persoal:

Os programas que aquí se describen, tratan de reflectir os puntos máis importantes da nosa intervención coas/as adolescentes. Expoñemos só as ideas principais xa que o traballo diario supón moito máis do que aquí queda sinalado.

- **Programa de autocontrol emocional**
 - Adestramento en técnicas de autocontrol emocional, da ansiedade e da ira como factor de protección de condutas de risco.



- Desenvolvemento de habilidades que lle permitan resolver conflitos asertivamente e sen uso da violencia.
- Comprender a necesidade de desenvolver habilidades que permitan resolver conflitos de maneira equilibrada e desenvolver pautas de comunicación e relación interpersonal cos seus ascendentes e os seus/súas iguais.
- **Programa de entrenamiento en relaxación**
 - Proporcionarlles estratexias para o autocontrol da súa ansiedade e así posibilitarlles o afrontamento axeitado dos estímulos estresantes. .
 - Disminuir o nivel de estrés basal do/a mozo/a
- **Programa de habilidades sociais básicas**
 - Habilidades de comunicación verbal e non verbal.
 - Empatía e conduta prosocial.
 - Expresión de sentimentos e emocións
 - Asertividade
 - A mentira
 - Responsabilidade
 - Respecto
 - Educación en valores
 - Autoconecemento e autoestima
- **Programa da igualdade de xénero**
 - Detectar as actitudes sexistas
 - Educar nos conceptos da igualdade de xénero
 - Previr a violencia dende o inicio



- Promover os nosos menores valores encamiñados á igualdade de oportunidades e a conciliar a vida familiar, persoal y laboral

- **Programa de prevención de riscos na utilización das novas tecnoloxías**
 - Concienciar as persoas menores do perigo que entraña o uso das novas tecnoloxías e describir os cuidados necesarios para o seu uso responsable
 - Sensibilizar os mozos sobre as consecuencias do cyberbullying
 - Estimular a busca de axuda cando os usuarios se encontren nunha situación dixital comprometida ou incómoda

- **Programa afectivo sexual**
 - Fomentar unha actitude sexual responsable nos adolescentes.
 - Desmitificar mitos e crenzas erróneas.
 - Promover hábitos seguros e saudables
 - Enfermidades de transmisión sexual, VIH e embarazos non desexados.
 - Concienciación do uso de métodos anticonceptivos.
 - As relacións de parella daniñas en adolescentes.
 - Identidade sexual e de xénero
 - Favorecer a reflexión sobre os estereotipos sexuais, promovendo valores de igualdade, autonomía, liberdade, responsabilidade e respecto no ámbito da sexualidade
 - A afectividade e a violencia de xénero. Tipos de maltrato



- **Programa específico de prevención dos comportamentos violentos e fomento das habilidades prosociais e do razoamento moral:**
 - A construción dunha vida alternativa á violencia mediante un axeitado coñecemento e valoración de si mesmos, adoptando unha actitude de respecto cara aos demais e motivar a realización de metas persoais, familiares, laborais e sociais.
 - Bullying.

- **Programa específico de desenvolvemento sociorrelacional**
 - Orientación do/a menor cara a unha socialización integrada e respectuosa coas normas e límites.
 - A modificación dos estilos de vida que están dificultando o seu desenvolvemento e axudarlles a ser socialmente competentes.
 - Desenvolvemento de habilidades de afrontamento da presión de grupo e autonomía para desvincularse de grupos desadaptativos.

- **Programa de intervención con menores que exercen maltrato nos seus fogares ou nas súas relacións sociais ou de parella**
 - Promover a aceptación da súa responsabilidade nas condutas violentas
 - Acada-la modificación das súas crenzas irracionais, respecto ao xénero e uso da violencia nas súas relacións familiares, afectivas ou sociais.
 - Potenciar a adquisición de patróns condutuais non agresivos ou violentos
 - Proporcionarlle estratexias que lle permitan ter un maior autocontrol emocional

- **Programa de tratamento con vítimas de maltrato**
 - Tratamento da vítima do maltrato. Aumentar a súa seguridade e o coñecemento de estratexias de prevención e protección ante a violencia.



- Aumentar a súa autoestima e seguridade en se mesma
- Psicoeducación sobre violencia
- **Programa de prevención e tratamento para familias con diversas formas de maltrato**
 - Deter o abuso e protexer primeiramente ás vítimas e, especialmente, ás máis vulnerables e poder facilitar a reparación terapéutica das súas feridas
 - Dotar os membros da familia de coñecementos mínimos necesarios para asegurarlles un crecemento e un desenvolvemento san
 - Axudar na reconstrución de tecidos familiares máis nutritivos e seguros para todos
- **Programa de ocio e tempo de lecer**
 - Motivar aos adolescentes cara un lecer saudable
 - Analizar a relación existente entre o consumo de drogas e actos delictivos e tempo libre
- **Programa formativo /laboral:**
 - Medidas orientadas a reinserir ao menor no sistema educativo e posibilitar a maior formación posible encamiñada á incorporación ao mercado laboral.
 - Desenvolvemento de estratexias para a busca activa de emprego ou, si é o caso, para unha reorientación profesional.
 - Realización dos recursos instrumentais precisos (currículo, carta de presentación...).
 - A promoción da planificación das actividades e accións a levar a cabo na busca activa de emprego.



- **Programas de educación para a saúde**

Programa específico de Hábitos Alimenticios Saudables

- Interiorización dunha dieta equilibrada.
- Alimentación e adolescencia.
- Pirámide alimenticia.
- Autorregistros alimentarios.
- Relación inxesta/gasto enerxético.
- Análise de mensaxes publicitarias.

Programa específico de hábitos de hixiene

- Reflexión e interiorización da hixiene e da súa regularidade. Tanto a hixiene corporal, como a bucodental, a da roupa e a do sono, necesarias para unha efectiva integración social.

Programa de actividades deportivas

- Transmitir a idea de que a práctica regular de actividades físicas mellora a calidade de vida e contribúe a un desenvolvemento integral e completo tanto físico coma mental

Programa específico de prevención e intervención no consumo de drogas

- Adquisición dunha información obxectiva sobre as drogas, as conductas de risco e sobre os mitos circundantes.
- Entender os conceptos de tolerancia, dependencia, uso, abuso de substancias
- A toma de conciencia da situación respecto ao consumo.



- Modificación das crezas que xustifican o consumo e a súa relación con comportamento agresivo e/ou violento.
- Problemáticas asociadas ao consumo: familiares, formativo-laborais, psicolóxicas, sociais, saúde e comportamentais.
- Invitación á mocidade a cuestionar e por en dúbida situacións cotiás relacionadas cos consumos (diversión, sexualidade, relacións interpersoais...).
- Aprendizaxe de técnicas de afrontamento ao estrés ambiental e ao malestar emocional ante situacións típicas no fogar dun proxenitor dependente.
- Tabaquismo.

3.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA GRUPAL CON MENORES: TERAPIA DE GRUPO

Este ano iniciouse unha experiencia terapéutica nova cos nosos adolescentes.

Invitouse a un grupo de nove menores de idades en torno os dezasete e dezaioito anos a participar dun grupo de terapia.

A experiencia está a ser moi valorada por eles ata o punto de ser eles os encargados de convocala e plantexar os temas a tratar. Están moi involucrados e súa asistencia e participación así o amosan.

A periodicidade é mensual. E a duración depende do que eles decidan. Soe ser de dúas horas e media como mínimo. Así o demandan os propios moz@s.

Os contidos os van marcando eles e principalmente están sendo:

- Compartir a súa experiencia vital, os seus traumas e danos recibidos.
- Expoñer dificultades da súa propia personalidade para que o grupo o axude a resolver o mellorar.
- Aconsellar ou por como exemplo as súas propias experiencias de superación.



- Elaborar o guiión dunha curtometraxe baseada na súa experiencia en terapia de grupo e facer a banda sonora de esta.
- Vivenciar en forma de metáfora a súa propia experiencia vital a través dunha saída terapéutica consistente na subida o Monte Galiñeiro cunha sesión terapéutica grupal no cumio.

3.4. ACOMPAÑAMENTOS E VISITAS DOMICILIARIAS


Unha das actividades ofertadas dende o Programa Ambulatorio son os acompañamentos, realizados polo equipo psicoeducativo. Os obxectivos dos mesmos son potenciar o achegamento aos recursos normalizados daqueles menores que non sexan quen de facelo pola súa conta, e favorecer así a súa posterior autonomía a través da modelaxe.

Da mesma maneira que o ano pasado, os acompañamentos que se fixeron foron de índole totalmente diferente. Hai que ter en conta que, este ano, moitos dos menores a tratamento, residían en centros tutelados polo que, en moitos dos casos, os acompañamentos leváronos a cabo os equipos educativos de ditos centros. Ao longo do 2015 a maioría destas actividades que se realizaron foron relacionadas coa busca de emprego (Servizo Público de emprego, Empresas de traballo temporal,...) e co lecer (a Casa da Xuventude, Súbete a O Castro, clubs deportivos, etc.). Tamén fixéronse no caso de actividades formativas e doutros recursos da comunidade.

Así mesmo, neste ano tamén se realizaron visitas ao domicilio ou centro no que residía o adolescente naquelas situacións nas que o equipo psicoeducativo considerouno axeitado.


3.5. ACTITUDES DO MENOR ANTE O PROGRAMA AMBULATORIO E AS SÚAS ACTIVIDADES

A maioría dos menores, o 70%, mostráronse colaboradores o moi colaboradores naquelas citas programadas, tanto coa psicóloga como coa educadora.



3.6 DIFICULTADES NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA AMBULATORIO

Algunhas das dificultades (nalgúns dos casos non só se da unha dificultade, senón que pódense dar dúas ou varias á vez) coas que nos atopamos foron as seguintes:



4. FORMACIÓN DAS PROFESIONAIS





4.1. FORMACIÓN DAS PROFESIONAIS

Diagnóstico e intervención en maltrato y abuso sexual infantil. Curso avanzado.

Centro Noguerol. Madrid

Nuevos abordajes en la esquizofrenia. Doctor castle.

Hospital Nicolás Peña.

Xornadas de atención a la diversidad. Surgapa

Colexio Jesuítas de Vigo.

El contexto educativo clave para prevenir la violencia de género y sexual en los jóvenes.

Concello de Vigo

Xornada sobre violencia sexual e de xénero na mocidade e adolescencia; unha proposta profesional. Programa Irene

Concello de Baiona

Problemas clínicos, conceptuales y terapéuticos actuales en las psicosis.

SERGAS. Vigo

El trabajo con emociones en situaciones de violencia de género.

Cop Galicia

5ºXornada sobre neuropsicología e rehabilitación neurocognitiva en drogodependencias

PLDA Vigo



4.2. PONENCIAS/ PARTICIPACIONES/ CURSOS IMPARTIDOS POLAS PROFESIONAIS

Xornada de Intervención con adolescentes en casas de familia

ACLAD.Alborada


Sensibilización e intervención en abuso sexual infantil



AMINO. Gal



Sensibilización, prevención detección y notificación en abuso sexual infantil

Servizos Sociais A Coruña


5. ANÁLISE COMPARATIVO 2009-2015









ESTANCIA NO PROGRAMA



NIVEL SOCIOECONÓMICO



6. REFLEXIÓNS FINAIS





► Nos casos atendidos no ano 2015 **non se da unha diferenza significativa entre homes e mulleres** (47% homes 53% mulleres), así como sucedía noutros anos.

► A **idade predominante** dos menores atendidos este ano no centro é **de 16 anos**.

► Cabe destacar as cifras de menores que **sufriron algún tipo de maltrato na súa infancia** (coñecido xa de antemán ou que se detectou durante a intervención).

Dos 104 menores atendidos foron 58+ sometidos a algún tipo de maltrato na infancia.

- Maltrato psicológico: 36+
- Maltrato físico: 29+
- Abuso sexual: 15+
- Abandono físico ou emocional: 30+
- Neglixencia: 29+
- Maltrato prenatal: 2+
- Sobreprotección: 7+

*** Os distintos tipos de maltrato infantil interactúan na maioría dos casos de dous a catro tipos no mesmo menor.

► Este ano **os centros de menores** continúan sendo o **núcleo familiar de convivencia máis habitual** (en 46 casos) seguido dos mozos/as que están

acollidos (22 casos) e como terceiro núcleo familiar os que conviven con un só proxenitor (15 casos).

► Novamente temos que destacar as numerosas **intervencións postinstitucionais** realizadas neste ano (303 intervencións con casos que xa non estaban a tratamento).

Ditas intervencións postinstitucionais déronse de diferentes modos:

- Chamada telefónica do rapaz/a ou familia pedindo orientación sobre algún tema ou incidencia puntual xurdido.
- Cita presencial do rapaz/a ou familia para comentar dita incidencia.
- Sesións puntuais para resolver a problemática xurdida.
- Nova alta no programa se o caso así o requírese, algo que se da moi excepcionalmente.

Na maioría dos casos, tanto as familias como os mozos, puxéronse en contacto con nós por dúbidas puntuais, por incidentes acontecidos, para facer unha visita, orientación laboral ou formativa, etc.

► Coma sempre , non podemos deixar de mencionar a relevancia da **coordinación con outros recursos** e profesionais. O traballo en rede (995 contactos presenciais o telefónicos no 2015) favoreceu unha intervención máis eficaz. Exemplo deles serían: entidades de inserción laboral (INEM, Érguete, Cáritas, Forem,...), Inspección de Educación, Unidade Infanto-Xuvenil do Hospital Nicolás Peña, casas de familia, centros de menores, Cruz Roja, Ayuvi,



Asdegal, Asvidal, institutos e colexios, servicios sociais, Casa da xuventude, gabinetes psicolóxicos, entidades deportivas e culturais, asociacións xuvenís, etc.